

XXIII CARREIRA PEDESTRE DE SAN MARTIÑO BUEU 2018

1) PRESENTACIÓN.

O Club Atletismo Corredoiras coa colaboración do servizo de deportes do concello de Bueu organiza o domingo 11 de novembro a XXIII Carreira Pedestre de San Martiño.

As probas, tomarán a saída na zona da Avda. de Montero Rios, á altura do Museo Massó. En primeiro lugar, a partir das 10:00h celebraranse as carreiras de categorías inferiores e posteriormente, ás 12:00 horas disputarase a carreira de 6 quilómetros.

Ámbalas dúas competicións serán de carácter popular e non se precisa posuír licenza federativa.

2) CARACTERÍSTICAS DAS COMPETICIÓNS.

2.1.- CARREIRAS CATEGORÍAS INFERIORES (dende chupete ata cadete).

- Realizaranse diferentes distancias segundo as diferentes categorías.
- Os tempos serán recollidos manualmente polos xuíces da proba e soamente se tomará a referencia dos tres primeiros clasificados.

Categorías:

CATEGORÍAS	ANOS NACEMENTO
CHUPETE	2014 a 2016
MINIBENXAMÍN	2012 a 2013
BENXAMÍN	2010 a 2011
ALEVÍN	2008 a 2009
INFANTÍL	2006 a 2007
CADETE	2004 a 2005

Categorías e horarios

CATEGORÍAS	DISTANCIA	HORARIO*
Alevín feminino	1000 metros	10:00 h
Alevín masculino	1000 metros	10:10 h
Infantil masculino/feminino	2000 metros	10:20 h
Benxamín feminino	500 metros	10:35 h
Benxamín masculino	500 metros	10:45 h
Cadete masculino/feminino	3000 metros	10:55 h
Minibenxamín masculino	300 metros	11:15 h
Minibenxamín feminino	300 metros	11:25 h
Chupete (conxunta)	100 metros	11:35 h

*Os horarios son totalmente orientativos, podendo variar ata en +- 10 min. Segundo o desenrolo das probas.

**Ver percorridos ó final do regulamento

2.2.- CARREIRA CATEGORÍA ABSOLUTA (dende xuvenil ata veterán “F”).

- Circuito urbano (asfalto, totalmente plano) de 2 km. de percorrido (1 Km. ida e 1 Km. volta) ao longo da Avda. De Montero Rios (beiramar) ó que se darán 3 voltas, para así completar os 6 Km. dos que consta a proba absoluta.
- Tanto a saída como a chegada estarán situadas á altura do museo Massó
- Poderán participar tódalas persoas maiores de 16 anos que o desexen. O corredor/a debe estar ben preparado fisicamente para a carreira, gozar de boa saúde xeral, sen padecer ningunha enfermidade, defecto físico ou lesión que poida agravarse coa súa participación en dita proba.
- O deportista asume que para a realización da proba é necesaria unha condición física, psíquica e deportiva.

Categorías absolutas

CATEGORÍAS	ANOS NACEMENTO
XUVENIL	2002 a 2003
SENIOR	1979 a 2001 (DE 17 A 39 anos*)
VETERÁN “A”	1978 a 1974 (DE 40 A 44 anos*)
VETERÁN “B”	1973 a 1969 (DE 45 A 49 anos*)
VETERÁN “C”	1968 a 1964 (DE 50 A 54 anos*)
VETERÁN “D”	1963 a 1959 (DE 55 A 59 anos*)
VETERÁN “E”	1958 a 1954 (DE 60 A 64 anos*)
VETERÁN “F”	1953 e ANTERIORES (65 E SUPERIORES*)

*Anos cumpridos a 31 de decembro de 2018.

Horarios

CATEGORÍA	DISTANCIA	HORARIO**
Absoluta	6000 metros	12:00 h

**Os horarios son totalmente orientativos, podendo variar ata en +/- 10 min. Segundo o desenrolo das probas.

2.3.- NORMATIVA PARA TÓDALAS CARREIRAS.

- Os atletas deberán estar na liña de saída 5 minutos antes do comezo da carreira.
- Será motivo de descualificación calquera infracción grave ou comportamento antideportivo que estime a Organización.
- Disponese de servizo de duchas.
- A organización non se fará responsable dos obxectos de valor extraviados polos corredores.
- Quedará descualificado/a desta proba toda persoa que:
 - Non complete a totalidade do recorrido.
 - Deteriore ou ensucie o entorno.
 - Non leve o seu dorsal ben visible.
 - Desatenda as indicacións da organización.
 - Non cumpra o presente regulamento
- A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan, ou por causas de forza maior.

- Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización, quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir aos corredores en moto, bicicleta, ou outro medio por todo o circuíto.
- A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.
- Todo participante, polo feito de inscribirse acepta as condicións e regulamentacións impostas pola organización, polo que libera expresamente á organización ou a calquera outro patrocinador ou colaborador, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade que puidera xurdir derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado. Todos os participantes inscritos na marcha están amparados por un seguro de responsabilidade civil, polo que é necesario que no momento da inscrición figure con claridade e exactitude o Nome e Apelidos de cada participante.

3) INSCRICIÓN.

- As inscricións faranse na web www.galitiming.com cun custo de 6€ por participante para a categoría absoluta de 6 Km. que inclúe o dorsal, froita e bebidas.
- As inscricións serán gratuítas dende a categoría chupete a cadete a través da mesma páxina. Excepcionalmente aceptaranse inscricións na categoría chupete ata 30 minutos antes de comezar a proba.
- Nos colexios de Bueu repartiranse formularios de inscrición que deben ser devoltos con data límite o 2 de Novembro de 2018.
- A data límite de inscrición será o 8 de novembro.
- Non se admitirán inscricións por outro medio ou fora de prazo.
- A organización non ten o deber de devolver a inscrición en caso de que o atleta non puidera participar.

4) PERCORRIDO


- Circuíto urbano (asfalto, totalmente plano) de 2 km de percorrido . (1 km ida e 1 km. Volta) ao longo da Avda. De Montero Rios (beiramar).

5) ENTREGA DE PREMIOS.

- Chupetes: Medallas para tod@s os participantes.
- Resto de categorías: Trofeo para os tres primeir@s clasificados(trofeos non acumulativos)
- Absoluta: Recibirán os seguintes premios en metálico, tanto na categoría feminina como masculina:
 - 1º Clasificad@: 75€
 - 2º Clasificad@: 50€
 - 3º Clasificad@: 25€

****PERCORRIDOS**







Todo o que non aparece reflectido neste Regulamento se rexerá pola normativa a Federación Internacional de Atletismo (IAAF). A participación na XXIII Carreira Pedestre San Martiño de Bueu leva consigo a total aceptación do Regulamento presente.